

Estimadas familias,

Dirixímonos a vostedes para informarles de que **este centro educativo foi seleccionado aleatoriamente para participar no Estudo Internacional de Tendencias en Matemáticas e Ciencias (TIMSS polas súas siglas en inglés, Trends in International Mathematics and Science Study)**, xunto con outros moitos centros de máis de 60 países en todo mundo.

TIMSS é un estudo de investigación educativa dirixido pola Asociación Internacional para a Avaliación do Rendimento Educativo (IEA) e coordinado en España polo Instituto Nacional de Evaluación Educativa (INEE) xunto coas administracións educativas das distintas comunidades autónomas. Este estudio investiga as **competencias matemática e científica** do alumnado e, actualmente, no noso país realizañase en 4.º curso de educación primaria.

No caso de que o seu fillo/a fose seleccionado para participar na mostra aleatoria, a súa participación no estudo non afectará ás súas cualificacións nin ao seu progreso no centro. Dado o deseño do estudo, todos os datos trataranse de maneira **confidencial e anónima e non se publicarán resultados individuais** que permitan identificar a estudiantes ou centros educativos concretos.

O alumnado da clase de 4.º curso de educación primaria que resulte seleccionada, completará **dúas probas de 36 minutos cada unha** e un cuestionario de **30 minutos** aproximadamente. Ademais, entregarase un cuestionario en papel a cada alumno/a para que as familias o enchan e o entreguen ao centro con anterioridade á realización da proba.

De acordo cos estándares do estudo poderá haber alumnado excluído da realización da proba por non ter unha competencia lingüística suficiente en lingua castelá e lingua galega ou por mor de necesidades específicas de apoio educativo incompatibles co formato dixital da proba.

A utilización dos datos realizarase de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e o Regulamento Xeral de Protección de Datos (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación dos mesmos, incorporado ao ordenamento interno pola Real Decreto-lei 5/2018, do 27 de xullo, de medidas urxentes para a adaptación do Dereito español á normativa da Unión Europea en materia de protección de datos. Así mesmo, terase en conta a Lei 12/1989, do 9 de maio, da Función Estatística Pública, así como a normativa que se deriva das mesmas. **Toda a información recollida para o procesamiento de datos será anonimizada.**

Bertamiráns, 3 de maio de 2023

Atentamente

A DIRECTORA

M<sup>a</sup> Isabel Abelleira Bardanca

